

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: Un/ha presentador/a, tres compañías e un grupo de música en directo

XÉNEROS: circo



100'



FAMILIAR

CULTURACTIVA

GALA DE CIRCO NA RÚA

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requirimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

A *Gala de circo na rúa*, de grande formato, conta sempre coa participación de tres compañías e unha banda de música ao vivo nun espectáculo para todos os públicos, de 100 minutos de duración, co mellor do noso novo circo introducido por unha mestra ou mestre de cerimoniais que dá paso a unha grande variedade de espectáculos e números circenses.



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA